

SENTENZA A Audiencia Nacional sostén que o xornal vasco, clausurado no 2003, non serviu ós fins da banda terrorista e que o seu peche non tiña "habilitación nin cobertura constitucional"

'EGUNKARIA' NON É ETA

ABSOLVE OS CINCO DIRECTIVOS PARA OS QUE AS ACUSACIÓNS PEDÍAN ENTRE 12 E 14 ANOS DE CÁRCERE

Axencias · Madrid

A Audiencia Nacional sostén que o diario *Egunkaria*, clausurado en 2003, non serviu de instrumento a ETA nin foi un "soporte de actividade criminal ningunha" e que o seu peche non tiña "habilitación" nin "cobertura constitucional" e carecía dunha "norma legal especial e expresa que o autorízase". Así o establece a sección primeira da Sala do Penal deste tribunal nunha sentenza na que absolveu os cinco directivos do xornal Martxelo Otamendi, Ignacio María Uriá, Juan María Torrealdaí, José María Auzmendi e Javier Oleaga, para quen as acusacións pedían entre 12 e 14 anos de prisión, mentres que o fiscal non presentou acusación.

A sentenza considera probado que o 6 de decembro de 1990 saíu o primeiro número do xornal *Euskaldunon Egunkaria*, editado integramente éuscaro, cuxo capital era de 60.000 euros e que cando se interveu xudicialmente ascendía a 1.670.000 euros. "Non se acreditou que parte ningunha do capital social ou outros recursos fosen de procedencia ilícita", subliña a Sala, que engade que "tam pouco consta envío ou desvío de fondos ou activos de clase ningunha desde a sociedade editora ou o diario á banda terrorista ETA". O tribunal entende que o diario non publicaba editoriais "como expresión dunha determinada forma de pensar dos seus editores ou das persoas que as realizaban diariamente", ademais de considerar que non se defenderon postulados de ETA, recibindo ordes desta "ou que os procesados "fosen designados, estivesen vinculados, colaborasen ou obedecesen consignas" da banda armada.

Estes argumentos foron os que levaron ó xuíz Juan del Olmo a clausurar o rotativo en febreiro de 2003, unha medida cautelar que para a Sala ten "difícil encaixe" no ordenamento xurídico, xa que non se trata de "empresas ou de sociedades calquera", senón de medios de comunicación que "desenvolven unha actividade imprescindible nunha sociedade democrática".

Para a Sala, Del Olmo sacrificou a liberdade de prensa para previr o suposto risco de reiteración delituosa,



Otamendi, Uriá, Torrealdaí, Auzmendi e Oleaga, pola dereita, absoltos onte no 'caso Egunkaria'

FRASES

Martxelo Otamendi

"Faise xustiza con nós pero tamén cos accionistas, cos subscritores, cos anunciantes e con todos os traballadores e colaboradores do periódico"

Daniel Portero (DyJ)

"A Fiscalía desapareceu misteriosamente da causa contra o periódico en pleno proceso de negociación con ETA durante a anterior legislatura"

EX DIRECTOR DO DIARIO

Otamendi: "A mellor noticia para Euscadi"

O que fora director de 'Egunkaria' Martxelo Otamendi salientou onte que a súa absolución e a dos outros catro directivos deste diario acusados de pertenza a ETA "unha das mellores noticias que recibiu" o País Vasco "nos últimos anos". Tras coñecer a sentenza absolutoria, Otamendi asegurou en declaracións a Efe que os cinco imputados están

pero entende que o xuíz podería conseguilo "usando outras posibilidades alternativas de intervención cautelar que non implicasen a interrupción da actividade informativa". "Sobre todo", engade a sentenza, cando a proba practicada descarta que o xornal "fose instrumento para a comisión de delitos ou soporte de actividade criminal ningunha" de ETA.

Critica "o artificioso" das hipóteses defendidas polas acusacións, exercidas polas asociacións Dignidad y Justicia e a Asociación de Víctimas del Terrorismo (AVT). "A debilidade do punto de partida na acusación é evidente, pois no ámbito do dereito penal non abonda con que unha organización criminal utilice a persoas físicas ou xurídicas no seu

proxecto criminal, senón que é preciso que se demostre que os utilizados (...) eran conscientes e actuaron voluntariamente en auxilio da banda terrorista para favorecer a consecución dos seus fins", indica.

O Estado podería ter que pagar 60 millóns de euros polo peche

O custo que podería supor para o Estado o peche de *Egunkaria* pode ascender a 60 millóns de euros, segundo a asociación Dignidad y Justicia, que sinalou que ese diñeiro servirá para financiar a contorna de ETA. Así o explicou o presidente desta asociación, Daniel Portero, ante a posibilidade de que os cinco directivos do diario esixan responsabilidade patrimonial polo peche do xornal.●

REACCIÓNS

A acusación vai ir ó Supremo

A Asociación de Víctimas del Terrorismo (AVT) e Dignidad y Justicia (DyJ) afirmaron que a absolución dos cinco directivos de 'Egunkaria' supón "un duro golpe á loita contra o terrorismo". En declaracións a Europa Press, os presidentes das dúas asociacións, Daniel Portero (DyJ) e José Antonio García Casquero (AVT) aseguraron que están valorando a posibilidade de recorrer a sentenza xa que os seus fundamentos xurídicos son "bastante escasos" e hai argumentos "moi frouxos", polo que hai "bastantes posibilidades" de que acudan ó Tribunal Supremo.

O Goberno vasco lamenta o atraso

O Goberno Vasco amosou onte a súa satisfacción pola absolución dos cinco directivos de 'Egunkaria' da súa vinculación a ETA pero lamentou que o proceso se demorase "máis do desexable" no tempo. Nun comunicado, manifestou "o seu máis absoluto respecto" ás decisións e ós procedementos xudiciais, e considerou que a resolución da Audiencia Nacional e evidencia que "os xuíces e tribunais son os garantes últimos dos dereitos fundamentais e liberdades públicas".

Para os abertzales non se fixo xustiza

A esquerda abertzale expresou a súa "alegría" pola sentenza que absolve de colaboración con ETA cinco directivos do diario *Egunkaria*, aínda que considera que "non fai xustiza" con este xornal clausurado, nin cos seus traballadores nin cos cidadáns vascos. Nun comunicado redactado en éuscaro, a esquerda abertzale ofrece o seu "abrazo máis caloroso" ós cinco imputados que foron absoltos, á vez que considera unha "burla" que se diga que a Xustiza "funciona".